

|  |   |
|--|---|
| <b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b> | GALICIA   |
| <b>Municipio</b>                                   | ABEGONDO  |
| <b>Edificio</b>                                    | Igrexa de San Tirso de Mabegondo  |
| <b>Dirección</b>                                   | Rúa da Igrexa, 45. 15318  |
|  | 43.241914 -8.277158   |
| <b>Protección</b>                                  |   |
| <b>Descrición</b>                                  | <p>Igrexa de estilo barroco, posúe unha planta en cruz, cunha soa nave, destacando que o brazo transversal da cruz sitúase case no medio da nave principal. Os muros son de carga e, interiormente, móstranse revocados e pintados de branco, con excepción de arcos e zócalo que bordea o espazo interior da nave. Tamén se emprega cantería á vista para defini-las esquinas e enmarca-los ocos. A cuberta é a dúas e tres augas, con cubrición de tella curva do país.</p> <p>Interiormente, tres arcos de medio punto, situados no cruceiro, delimitan os espazos das dúas capelas laterais e o presbiterio. Estes presentan, xunto co da nave principal, unha estrutura aérea abovedada, levada a cabo en madeira. O coro alto tamén está realizado en madeira.</p> <p>No exterior, a decoración concéntrase na fachada, de cantería á vista. Esta presenta unha composición simétrica de proporcións case cadradas, o que a diferencia do conxunto arquitectónico de carácter relixioso desta zona. A porta principal posúe un lintel moldurado con decoración de orelleiras, e sobre ela unha pequena xanela, que mostra a mesma decoración ca da porta. O cadrado péchase na cornixa, da que parte unha balaustrada de pedra que se interrompe na súa parte central para dar paso a unha esvelta espadana de dous corpos que presenta unha leve decoración de aplacados na súa parte alta e un remate en pináculos. O cemiterio está dentro do recinto do adro.</p> |
| <b>Campás</b>                                      | 2 campás.   |
| <b>Fotos</b>                                       | 2   |
| <b>Toques actuais de campás</b>                    |   |
| <b>Conservación, mantemento</b>                    |   |
| <b>Propostas</b>                                   |   |
| <b>Autors da documentación</b>                     | TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)   |
| <b>Data</b>  | 12-10-2023  |

## Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|--------------|-------|----------|------------------|------------------|------|
|--------------|-------|----------|------------------|------------------|------|

|          |               |   |      |    |     |
|----------|---------------|---|------|----|-----|
| Espadana | <u>Menor.</u> | <u>HONTAÑÓN HAZA, PEDRO</u><br><u>(1795-1876)</u> | 1843 | 57 | 107 |
| Espadana | <u>Maior.</u> | <u>HONTAÑÓN HAZA, PEDRO</u><br><u>(1795-1876)</u> | 1843 | 68 | 182 |

Información completa: [Igrexa de San Tirso de Mabegondo - ABEGONDO \(GALICIA\)](#)

PDF (16-06-2026)